

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 14 de novembro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso dos procesos selectivos para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario.*

A base oitava das resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 14 e 15 de decembro de 2022 (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, dispón que, unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polas persoas aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

En virtude e de aplicación coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante deste proceso selectivo,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) as puntuacións provisionais, correspondentes á fase de concurso, obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos procesos selectivos para o ingreso nas seguintes categorías de persoal estatutario polas diferentes quendas de acceso, convocados polas referidas resolucións do 14 e 15 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos:

Persoal sanitario facultativo: médico/a de admisión e documentación clínica e odontólogo/a de atención primaria.

Persoal sanitario non facultativo: enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/matrona), enfermeiro/a especialista en saúde mental, enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en hixiene bucodental e técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico.



Persoal de xestión e servizos: técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, enxeñeiro/a técnico/a, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, grupo auxiliar da función administrativa e celador/a.

Cada persoa aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/ sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava das citadas resolucións do 14 e 15 de decembro de 2022, contra os resultados da baremación provisional, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas da fase de concurso que se efectuará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2024

María del Mar Pousa Cobas  
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: xwkv925-bo26-vfg9-lll5-in7rsdqfbc7

